



## Museo das Mariñas (de Betanzos) (II):

# Capiteis do destruído «moesteiro» de San Francisco e outros restos do desastre

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ\*

### Sumario

Móstranse aquí os capiteis e todos os demais restos de que tenemos noticia do desaparecido «moesteiro» de San Francisco de Betanzos, destruído na década de 1870.

### Abstract

We show here the capitals and other remains that we know of the former monastery of San Francisco in Betanzos, destroyed in the 1870's.

## OS TEMPLARIOS EN BETANZOS

Seguindo a Carlos Pereira (AB1995), sabemos que os templarios deberon chegar á comarca das Mariñas algo antes de mediados do s. XII. En 1200 teñen posesións no que hoxe é Betanzos e os seus arredores e é posible que existise xa nese ano unha encomenda na vila (daquela, *Vila de Untia*, sucesora do *Castro de Untia*, enriba do que se asentaba e que cambiaría a *Vila Nova de Betanzos* en 1219). En calquera caso, tal encomenda é seguro que existía en 1247 cando era o seu comendador *fre Ffernan Miguez* (único nome coñecido dun comendador da orde na vila). E desaparece o 5 de xullo de 1255 cando Alfonso X concede a don Martín Núñez, Mestre do Temple nos tres reinos de España (Portugal, León e Castela) a martiniega real da terra de Alcañices e Aliste a cambio das posesións dos templarios en Betanzos, aínda que iso non impedirá que 17 anos despois os templarios seguisen tendo bens aforados na cidade e na súa contorna.

\* Alfredo Erias Martínez é director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas e arquivista-bibliotecario municipal de Betanzos.  
<<http://anuariobrigantino.betanzos.net>>, <<http://hemeroteca.betanzos.net>>, <<http://www.alfredoerias.com>>

Coincide Pereira con Gonzalo Martínez (1993) en considerar que os bens templarios de Santa María de Miño e Santo Tomé de Bemantes deberon pertencer á encomenda betanceira mentres esta durou. Coñécese, porque o 7 de xullo de 1396 Fernán Pérez de Andrade pide información dos mesmos con obxecto de dotar ó mosteiro de Santa Catalina de Montefaro (Vaamonde Lores, 1909; Couceiro, 1981, etc. cit. por Pereira, AB1995...). Tiñan tamén propiedades en: Santiago de Ois, Bravío, Aranga, Curtis... E ó falar os documentos de 1201 de Urraca Vermuiz como *soror militie templi*, Pereira pregúntase se houbo tamén en Betanzos un mosteiro de monxas templarias, pero conclúe que é moi improbable e que pertencería a algunha cofradía.

Non queda, en cambio, claro, segundo Pereira, que pertencesen ó Temple as igrexas de San Pedro de Porzomillos (*Diccionario Madoz*) (Oza dos Ríos), Santa Marina de Lesa (Coirós), unha suposta ermida en Santa María de Regueira (Oza dos Ríos), a igrexa de San Miguel de Breamo, construída no simbólico ano de 1187, cando Salah al-Din vence aos templarios, reconquistando Xerusalén...

Pero, en definitiva, se falamos aquí dos templarios é porque hai unha tradición bibliográfica local que di que sobre o edificio da súa encomenda se asentou o primeiro mosteiro de San Francisco en Betanzos. Así o di, polo menos, Manuel Martínez Santiso (1892), que cita a tradición oral e as *Memorias...* de Jerónimo del Hoyo, de 1607 (autor que non refire, por descoñecer a súa autoría), a Verín y Seijas coa súa *Historia de la fundación de la ciudad de Betanzos...* (manuscrito de 1812 no AMB), ampliada da de Jerónimo del Hoyo, a Ramón García (algúns dos seus papeis no AMB) e así o considera tamén probable, máis recentemente, Carlos Pereira (AB1995).

#### O «MOESTEIRO» DE SAN FRANCISCO

Realidade ou lenda, o cronista da orde franciscana, Fr. Manuel de Castro, asegura na súa obra de 1613 que o peregrino San Francisco fundou a «*provincia santa de Santiago en 1214*», que comprendía Galicia, Portugal e o antigo reino de León. Remítese para iso a outros cronistas como Fr. Francisco de Gonzaga, Fr. Marcos de Lisboa, Fr. Luis de Rebolledo, etc. Fíxoo «*después que hubiese visitado al glorioso apóstol Santiago en su iglesia, y predicar a los moros el maldito estado en que todavía permanecen guardando la falsa y descomulgada ley de su falso y mentiroso profeta Mahoma*» (Castro, 1971: 4). Detense o autor nos detalles da fundación do convento de Santiago e outros, e chega así a Betanzos:

*En el año del Señor, de 1289, dice la Crónica latina, que uno de los santos compañeros y discípulos de nuestro seráfico padre san Francisco fundó un convento de nuestra seráfica orden en esta ciudad de Betanzos. El lugar adonde el dicho convento fue fundado no se sabe, ni el nombre del religioso que lo fundó, aunque se tiene por cosa cierta que se fundó en el dicho año, y que por ser el dicho convento poco acomodado para la habitación de los religiosos, el ilustrísimo caballero don Fernán Pérez de Andrade, del cual descenden los condes de Andrade y los demás caballeros deste apellido, le hizo fundar, con los edificios que hoy tiene, en el año del Señor de 1387, y después de su muerte se enterró con su mujer en la Capilla Mayor del convento, en los sepulcros que en ella están* (Castro, 1971: 151).

Non hai máis detalles do primeiro convento, nin sequera coñecemos a súa ubicación segura e, por conseguinte, a penas sabemos nada dos seus primeiros cen anos (Oro/Portela, AB1994, Leza, AB2010). Pero algúns restos de laudas sepulcrais, atopados como recheo nas paredes do único corpo de edificio do convento franciscano que chegou ata

nós (o occidental, onde hoxe está o Conservatorio Municipal de Música) fálannos da existencia naquela contorna dun cemiterio, polo menos desde principios do s. XIV e, moi probablemente, desde a segunda metade do s. XIII. E ó concordar coa data de 1289 como a de chegada dos frades menores a Betanzos, lévanos a deducir que é moi probable que se construíse o primeiro convento no mesmo espazo no que se construíría ó redor de 1387 o que chegou (un corpo de edificio, restos varios e a memoria) ata nós, extramuros do primeiro recinto da vila, ó norte da igrexa.

No Museo das Mariñas conservamos un pequeno resto de lauda sepulcral que data de 1305 (a máis antiga datada da cidade) e está escrita en latín (feito tamén moi raro). Apareceu reutilizada, cerca do Santiago Peregrino (figs. 100 e 126-127). Lenda: + HIC : IAC[ET... ANNO DOMINI MCC]CV.

A súa importancia foi crecente desde finais do s. XIV, como denota o inventario dos seus bens do s. XVI (Oro/Portela, AB1994), e maniféstano tamén as súas ampliacións (Colón, 2012). Pero todo terminou coa desamortización eclesiástica de Mendizábal, de 1836, ó quedar o mosteiro sen frades e entrar, acto seguido, nun proceso de progresivo deterioro.

O punto de non retorno terá lugar, e non por casualidade, no contexto do Sexenio Revolucionario (1868-1874). O argumento foi o «progreso», palabra de moda, e, desexito, destruíriase a *Porta da Vila* e intentaríanse destruír as demais da muralla, aínda que non chegaron os cartos, como tampouco chegarían para derrubar o convento de Santo Domingo. Máis absurdamente se cabe, derribáronse case todos os soportais da actual Rúa do Castro e inicio da Rúa Travesa, para desesperación das panadeiras, que quedaron á intemperie. O obxectivo era «ensanchar» a cidade, seguindo lonxanamente o modelo de París, pero, sobre todo, borrar a imaxe medieval que se entendía ligada ó Antigo Réxime. A partir dese momento, mesmo desaparecerán das novas casas dos vellos nobres todo rastro das «glorias» pasadas: verémolo na casa de amplas e modernas galerías, e sen escudos, dos Leis, construída en 1880-82 por D. Agustín María Bernardo Marcelino y Pedro de Leis Cernadas Cordido Pardo de Andrade no nº 2 da Rúa do Valdoncel (Erias, 1982 e AB1996).

Sabemos que desde 1854 o Concello intenta facer un novo cárcere ou remodelar o antigo da Rúa do Castro. E será o 20 de xuño de 1865 cando Faustino Domínguez, arquitecto provincial, asine o proxecto correspondente (Arquivo da Deputación Provincial) que debía superar o amoreamento dos presos, feito xeneralizado que se viña denunciando en Europa e América desde o s. XVIII. E, seguindo esta liña, o Congreso Internacional de Frankfurt am Main, de 1846, condenará o «sistema de comunidade» (Molina, 1986).

Así veremos un proxecto celular en planta radial, cun único centro de vixilancia, dividindo o conxunto en dous departamentos: para homes e para mulleres. E o Concello elixe un terreo da zona do Rollo para a súa ubicación. Polo tanto, como non se prantexa sobre as ruínas do mosteiro de San Francisco, só nos interesa agora como precedente, porque se insistirá no mesmo asunto o 5 de abril de 1870, cando a Corporación municipal considere que «*la cárcel de este partido no reúne las condiciones de capacidad, higiene, comodidad y seguridad ni es susceptible de mejora alguna por su reducido perímetro y por hallarse situada en una de las calles más céntricas de la población, rodeada de edificios de consideración a cuyos dueños sería preciso expropiar... y... acuerda que toda vez pertenece al Municipio el que fue Convento de San Francisco por habérselo concedido el Excmo. Sr. Cardenal Arzobispo de Santiago para su demolición por el estado ruinoso en que en su mayor parte se encuentra, se destine la [parte] que no ofrece peligro... a cárcel*» AMB, c. 28, Colón, AB2010: 363).

O Concello encargou o proxecto ó Arquitecto de Obras Públicas Eutasio Rodríguez e este asinaríoo en Lugo o 21 de xuño de 1872. ¡Demasiado tarde! Si, porque un pouco antes (o 7 de maio de 1872), o Concello xa acordara recompoñer a «*plaza del Campo de feria*» que «*se haya [sic.] llena de baches que impiden el libre tránsito de los caballos y el de las gentes, siendo de absoluta necesidad arreglarlo especialmente a la entrada de la carretera de la Coruña, para evitar el vuelco de carros y los disgustos que son consiguientes en tal estado*» con «*materiales*» que «*deben extraerse con tal objeto del ex convento de San Francisco, salvando la seguridad que debe prometer al local que está destinado para escuela pública*» (AMB, c. 28, Colón, AB2010: 361-362). Obviamente, este cárcere tampouco se construíu, pero os seus planos, conservados no AMB, foron de gran axuda para que a arquitecta Marta Colón puidese reconstruír infográficamente o desaparecido «*moesteiro*» desde a súa orixe ata a súa destrución (AB2010, AB2011 e tese doctoral de 2012).

A destrución do «*moesteiro*» de San Francisco xustificouse o 30 de novembro de 1872 cando «*se dio cuenta de una solicitud... por Fernando García y otros vecinos de esta ciudad... por la que solicitan que la Municipalidad se sirva construir una travesía por el Exconvento de San Francisco que dé comunicación a la calle de la Ribera por ser necesaria y de reconocida utilidad para el vecindario...*» (AMB, actas capitulares). Naquel concello ninguén puxo ningún reparo á destrución do exconvento máis unha parte da antiga muralla da cidade, o que se levaría a cabo entre 1870 e 1878. De feito, o 20 de febreiro de 1872 refírense á «*pared que se está demoliendo del Exconvento de San Francisco*» e o 19 de agosto de 1873 xa se falaba do clausto demolido, dándose luz verde á construción da travesía.

A febre destructora irá en aumento e así, e só como un dato máis, o Concello acorda o 20 de maio de 1873 o seguinte:

La comisión de obras del seno de la corporación manifestó a la misma que los materiales consignados para la calle de la Ribera se hallan invertidos casi en su totalidad, viéndose por ello imposibilitados los operarios de poder continuar en la obra, por lo que se espera que la municipalidad sepa disponer sobre el particular lo que estime conveniente; y el Ayuntamiento en su vista acuerda, demoler los muros que sostienen el **cimborrio de cantería que existe en el ex convento de San Francisco** para invertir en la referida calle, y teniendo en cuenta la urgencia que exige esta operación, que se anuncie su remate para el jueves veintidós del corriente y hora de una a dos de la tarde, formando desde luego la comisión el pliego de condiciones bajo el que debe guiar el remate (AMB, c. 28, Colón, AB2010: 362).

A finais de 1878 só quedaba en pé o edificio da á oeste, que chegou ata nós, e unha chea de pedras que xa empezaran a «*emigrar*» cara a diversos destinos. As máis «*bonitas*» (capiteis e basas, sobre todo) foron recollidas por diversos veciños, e, todo o demais, serviu para pavimentar prazas, rúas, calexas, etc. Tamén se reutilizaron nas paredes de casas ou de escalinatas particulares de onde chegaron ó Museo algunhas (un león do sarcófago de Sancha Rodríguez, varias dovelas de arcos...). É certo que o Museo das Mariñas recuperou pezas importantes, pero, aínda así, cento corenta anos despois da catástrofe, aínda moitos restos do «*moesteiro*» construído por Fernán Pérez (con axuda dos gremios e de nobres, como os Vilousaz e os Figueiroa) para os franciscanos de Betanzos, se poden ver esparcidos pola cidade.

Ó Museo das Mariñas, desde a súa inauguración en 1983, chegaron, por diversas vías: basas, capiteis, dovelas de arcos, ménsulas, restos de sepulcros, etc. Algunhas destas

pezas foron cedidas pola comunidade franciscana, ó estar no xardín que se cultiva ó pé da parede sur da igrexa e tamén no sótano do actual convento; outras foron o resultado casual das obras da Escola Taller «Betanzos» no edificio da á oeste do antigo convento, aparecendo reutilizadas nas paredes (varias aínda seguen alí); algúns veciños doáronas (algún capitel e algunhas dovelas) e tamén foi significativa (no que se refire a capiteis e basas) a acción dos servizos de Patrimonio da Xunta de Galicia. De todos os xeitos, queda unha serie de capiteis e algunhas basas en mans particulares que, como é lóxico, debemos confiar en que pasen ó Museo das Mariñas. A partir de aí poderíase ata reconstruír parte do claustro, como se poderían recolocar de novo os sepulcros de Fernán Pérez de Andrade e da súa esposa, Sancha Rodríguez, na ábsida da igrexa, tal como estiveron no s. XIV. Pero iso é outro tema e agora, co inmenso agradecemento a tanta xente que axudou e axuda na recuperación do noso patrimonio betanceiro e galego, corresponde sacar á luz todos os restos do desastre de que temos noticia.



figs. 1-2.- Algunhas fotos das basas e capiteis do antigo convento gótico de San Francisco de Betanzos existentes na casa da Familia Dapena, tomadas por D. Manuel Ares Faraldo e publicadas por primeira vez por FUENTES ABELEDO, E.J. e GONZÁLEZ SANMAMED, M. (1989): *Didáctica do entorno: A igrexa conventual de San Francisco*. Concello de Betanzos.

Figs. 3-4.- Basas e capiteis do antigo convento gótico de San Francisco, existentes na casa da Familia Dapena, en Betanzos. Fotos, estas e outras, tomadas por Erias o 8 de decembro de 2012, por xentileza da devandita familia.




Fig. 5.- Igrexa e «moesteiro» de San Francisco de Betanzos no s. XIV (esq., arriba), XV (esq., abaixo) e XVII (dereita). Reconstrución de Marta Colón Alonso (AB2011).





Figs. 6-11.-  
Capitel  
nº 1 (en esta  
páxina e na  
seguinte).  
Fotos: Erias,  
por xentileza  
da Familia  
Dapena.





De todos os capiteis do claustro do mosteiro de San Francisco que se atopan na betanceira casa da Familia Dapena, este nº 1 (figs. 6-14) é, sen dúbida, o máis interesante.

Nun lateral vemos a Árbore da ciencia do Ben e do Mal coa serpe demoníaca enroscada. A serpe «come» o oído a unha persoa, tentándoa con éxito, posto que se representa xa demonizada, con cara grotesca e pelos de punta. Séguelle nunha das fronteas o que semella un cervato que, con medo, se levanta sobre as patas de atrás cara á cervata adulta, súa nai, que, á súa vez, está sendo atacada por un cazador con lanza, de face demoníaca, representado nun lateral.

Figs. 12-14.- Outros aspectos do capitel nº 1. Fotos: Erias, por xentileza da Familia Dapena.



E na outra fronte maior, un can morde a cola dun gran ave (seica un urogalo?). Establécese, por tanto, unha metáfora xeral que, a través de varias formas de caza, fala de persecución, de tentación, de pecado e de morte eterna. E tendo en conta que, segundo o *Fisiólogo*, o cervo (Cristo) é un inimigo natural da serpe (Demo), unha lectura podería ser esta dobre metáfora:

Así como o can caza ao urogalo, a serpe demoníaca tenta (caza) ao débil de espírito, levándoo ao pecado e ao inferno. Pero, por outra banda, do mesmo xeito que a cervata protexe ao cervato do inmisericorde cazador, Xesucristo e a Igrexa protexerannos do mal.





Figs. 15-16.- Capitel nº 2. Desenrólase unha vexetación esquematizada que representa o Paraíso.  
Fotos: Erias, por xentileza da Familia Dapena.





Fig. 17-21. - Capitel n.º 3. Nunha fronte (cara amable e fermosa) fálasenos da resistencia e conseguinte vitoria contra a tentación de dous dragóns demoníacos que meten a lingua, «comen» (tentan) os ouvidos da súa posible vítima. Na outra fronte, os dragóns tiveron éxito e, aínda que flanquean á súa vítima, xa non «comen» os ouvidos, porque esta xa caeu na tentación e aparece animalizada, demonizada. Fotos: Erias, por xentileza da Familia Dapena.



Fig. 22-23. - Capitel n.º 4. Nunha cara un gran dragón demoníaco con dous corpos. Na outra, dous dragóns flanquean a súa posible vítima (que non mostra sinais claros de ter caído na tentación). Curiosamente, o que meten nos seus ouvidos non son as linguas (máis habitual) senón os extremos dos seus longos rabos. Fotos: Erias, por xentileza da Familia Dapena.





Figs.  
24-25.-  
Capitel nº 4.  
Posible porco  
bravo, símbolo de  
pecado de luxuria.  
Fotos: Erias, por  
xentileza da  
Familia Dapena.





Figs. 26-28.- Capitel nº 5 e unha basa. Fotos: Erias,  
por xentileza da Familia Dapena.



Figs. 29-30.- Capitel nº 5 cos escudos dos Figueiroa (arriba) e Vilousaz (abaixo), o que demostra que estas familias colaboraron na edificación do «moesteiro».  
Fotos: Erias, por xentileza da Familia Dapena.





Fig. 31-35. - Capitel n.º 6. No medio dunha densa vexetación paradisíaca os cans perseguen ao xabaril, acaso unha metáfora da tentación que sempre axexa.  
Fotos: Erias, por xentileza da Familia Dapena.





Figs.  
36-39.-  
Capitel  
nº 7 con  
vexetación  
paradisíaca.  
Fotos:  
Erias, por  
xentileza da  
Familia  
Dapena.



Figs.  
40-43.-  
Capitel  
nº 8 con  
vexetación  
paradisíaca..  
Fotos: Erias,  
por  
xentileza da  
Familia  
Dapena.





Fig. 44-49. - Capitel n.º 9. Museo das Mariñas. Dragóns demoníacos con cabezas animais ou humanoides. Fotos: Erias.





Fig. 50-55. - Capitel n.º 10. Museo das Mariñas. Vexetación paradisíaca con formas que tenden ao número tres (Trindade, resurrección, flor de lis, etc.). Fotos: Erias.





Fig. 56-58. -  
Capitel n.º 11.  
Museo das  
Mariñas.  
Bólas na  
parte superior,  
acaso símbolo  
celeste (o  
Ceo cristián)  
e follas moi planas e  
esquemáticas que serían  
tres (Trindade, etc.)  
vistas dende calquera  
lugar, se cada capitel  
estivese individualizado,  
tal como se ve nos  
laterais. Fotos: Erias.



Fig. 59-61. -  
Capitel n.º 12.  
Museo das  
Mariñas. Outra  
forma de  
presentar o  
Paraíso vexetal  
cristián de xeito  
esquemático.  
Fotos: Erias.



Figs. 62-64.- Capitel nº 13. Museo das Mariñas. Outra versión do Paraíso vexetal cristián. Fotos: Erias.




Fig. 65. - Capitel n.º 14. Foi colocado non  
hai moitos anos no «Cruceiro de  
Espenuca» por mandado dun sacerdote.  
De novo representa o Paraíso vexetal  
cristián. Foto: JMª Veiga.





Fig. 66-68. - Capitel n.º 15. Museo das Mariñas. A diferenza dos demais do claustro, non é pareado. Procede de San Francisco, pero non se sabe con certeza o seu lugar de orixe. Marta Colón (2012) sitúao nalgún punto do mosteiro. Fotos: Erias.




Fig. 70.- Capiteis da porta sur de San Francisco (s. XV). Foto: Erias.



Fig. 69. - Basa procedente de San Francisco (Museo das Mariñas). Descoñécese a función orixinal e o lugar onde estaba. Foto: Erias.

Fig. 71. - Capitel n.º 16. Museo das Mariñas. Debeu pertencer a algunha porta do mosteiro ou da igrexa de San Francisco, similar á porta sur (s. XV) (fig. 70). Plantas do Paraíso. Foto: Erias.







Figs. 72-82. - Basas de columnas pareadas do mosteiro de San Francisco. Salvo as dúas de arriba (na casa da Familia Dapena), as demais encóntranse no Museo das Mariñas. Dúas destas teñen nas esquinas a imaxe dun home barbado e dunha muller, probables retratos (como tantos outros xa recoñecidos) de Fernán Pérez de Andrade e da súa primeira esposa, Sancha Rodríguez.

Fotos: Erias.





Fig. 83. - Restos dun gran ventanal aximezado do mosteiro de San Francisco. Composición e fotos: Erias.



Fig. 84-85. - Dúas claves de bóveda (probablemente doutras tantas capelas interiores da igrexa, hoxe desaparecidas, como a dos Becerra). Son a imaxe de Deus: unha como Árbore da Vida (número «4», Cruz) e outra como o Sol antropomorfizado. Museo das Mariñas. Fotos: Erias.



Fig. 86.- Basa dunha columniña ou nervio no que parece foi unha porta ou unha ventá. Foto: Erias.





Fig. 87-90. - Doelas de arcos de diversas funcións (arcosolios de sepulcros, sobre todo) do mosteiro de San Francisco. Museo das Mariñas. Fotos: Erias.



Fig. 91. - Sepulcro de Aras Pardo (Igrexa de San Francisco).



Fig. 92. - Esta é unha doela moi utilizada no exterior de arcos de arcasolios de diversos sepulcros (Aras Pardo, Iohan Freyre de Andrade, cabaleiro descoñecido, muller descoñecida, etc.), tamén en ventanais das ábsidas e mesmo no arco que está baixo o Cristo Xuíz rodeado polo Tetramorfos na ábsida de San Francisco. As formas circulares poden ser unha alusión astral de raíz clásica, mentres as follas cruciformes aluden á crucifixión: pola Cruz (que está abaixo, na terra) chégase ao Ceo (que está arriba). Fotos: Erias.



Fig. 93. - Doelas dun grande arco (unha porta quizais) do mosteiro de San Francisco. Museo das Mariñas. Foto: Erias.




Fig. 95. - Capitel estendido do devandito arco (fig. 94) (do antigo «moesteiro» de San Francisco) co tema da Anunciación. Este escultor tamén o vemos noutras anunciacións en capiteis da igrexa de Santiago. Fotos: Erias.



Fig. 96. - Capitel do devandito arco (fig. 94). Contraposición entre dragóns infernais e personaxes do ámbito da Anunciación, similares aos que se ven nun capitel da igrexa de Santiago, o que nos fala dun mesmo escultor. Fotos: Erias.






Fig. 99 a e b.-Capitel do devandito arco (fig. 97). Cristo Xuíz mostrando as chagas, que imita ao da ábsida de San Francisco e que ten paralelos noutros capiteis de San Francisco e de Santa María do Azogue. Á súa esquerda, síntese do Inferno cun dragón demoníaco. Fotos: Erias.





Fig. 100.- Resto de lauda sepulcral máis antiga datada (1305) en Betanzos e a única en latín. Apareceu reutilizada, preto do Santiago Peregrino, nas antigas Escolas de San Francisco (hoxe Conservatorio). Lenda: + HIC : IAC[ET... ANNO DOMINI MCC]CV. Museo das Mariñas. Foto: Erias.

Fig. 101.- Resto de lauda sepulcral, reutilizada, preto do Santiago Peregrino, nas antigas Escolas de San Francisco (hoxe Conservatorio), co frecuente apelido [MA]ARTIS. Siglo XIV-XV. Foto: Erias.




Fig. 102.- Anaco dunha inscrición conmemorativa dunha obra, quizais complementaria da que se encontra encaixada nos muros do coro da igrexa de San Francisco (datado en 1501), onde esta peza tamén se encontra, pero solta e arrinconada: ...LTUR... / ...ISTRO : Q... / QUE : DE : A... Foto: Erias.



Fig. 103.- León soporte de mármore, pertencente a un probable sepulcro (quizais tamén de mármore como dous de Monfero e un de Pontedeume dos Andrade dos ss. XV e XVI) desaparecido da igrexa de San Francisco. Museo das Mariñas. Foto: Erias.



Fig. 104, a-b.- No Museo das Mariñas, restos da lauda sepulcral dun cabaleiro, similar ao Aras Pardo de San Francisco e, abaixo, probablemente o seu sarcófago (con escudos dos Pardo), no que foi a horta do mosteiro franciscano (gárdase hoxe en «A cova do Frade»). Fotos: Erias.







Fig. 105.- Resto moi pequeno dunha lauda sepulcral similar á de 1305 (fig. 100). A penas se distinguen tres letras: B(?) V R... Museo das Mariñas. Foto: Erias.



Fig. 107.- Resto dunha lauda sepulcral plana reutilizada na casa n.º 9 dos Soportais da Fonte de Unta, que foi de Dª. Isabel Veiga Pérez, avoa de quen subscribe. Foto: Erias.



Fig. 108.- Lauda sepulcral da esposa de Santiago do Vabío: [AQI : IAZ : ... : MOLLE]R : DE : SANTIAGO : DO VABÍO : Ten unha flor de lis, símbolo de resurrección, e unha vieira, como peregrina a Santiago. Apareceu reutilizada, preto da estatua do Santiago Peregrino, nas paredes das antigas Escolas de San Francisco (hoxe Conservatorio). S. XV. Foto: Erias.

Fig. 106.- Pedra sepulcral do chan da igrexa ou do «moesteiro» de San Francisco: S(epulcro) : DE GRI/GORIO : DE. Museo das Mariñas. Foto: Erias.




Fig. 109.- Lauda sepulcral, procedente quizais do entorno de San Francisco, pero reutilizada en «El Pasatiempo» (Erias, AB1996), de onde se rescatou para o Museo das Mariñas. Ten os símbolos do cabaleiro: espada, escudo de dimensións reais e can da fidelidade que acaso sexa tamén psicopompo (guía da alma no Alén). Unha das laudas de San Francisco da Coruña (a n.º 51) responde ó mesmo modelo (Erias/Vázquez, AB1998). Lenda: AQ(u)I : IAS : GUNÇALVO RODRIGES ... Q(u)E FINOU : ERA : DE : MCCCC ANOS. A utilización tardía de «era» de 1500 dáanos o ano 1462. É a única vez que aparece «ERA» na epigrafía medieval de Betanzos. Debuxo: Erias.




Fig. 110.- Lauda de Sancha Rodríguez, primeira esposa de Fernán Pérez de Andrade (falecida pouco despois de 1373), utilizada (e considerablemente destruída) como tapa do sarcófago de Don Antonio de Castro e Andrade, «PRIMER PROCURADOR DE CORTES DESTE REINO». Capella absidal do evanxeo na igrexa de San Francisco (Erias, AB1991). Foto: Erias.

Fig. 111.- Leóns-sopORTE e sarcófago do sepulcro de Sancha Rodríguez no Museo das Mariñas. Orixinariamente na ábsida da igrexa de San Francisco (Erias, AB1991). Foto: Erias.







Fig. 112.- Lauda sepulcral dun irmán de Fernán Pérez de Andrade (s. XIV). Quizais Nuño Freyre, Mestre de Christu en Portugal (Erias, AB1991). Debuxo: Erias.




Fig. 113.- Lauda sepulcral dun «NOTARIO DESTA: CIBDAD» (s. XV). Museo das Mariñas. Debuxo: Erias.

Fig. 114.- Lauda sepulcral co xacente destruído. Estaba reutilizada nunha parede do edificio occidental (o único en pé) do antigo «moesteiro» de San Francisco. Museo das Mariñas. Foto: Erias.





Fig. 115. - A pesar de que non se ven as ás, estamos ante o arcanxo San Gabriel, sedente, probablemente compañeiro da Virxe con libro (fig. 116) que, esculpida sobre columnas pareadas do antigo convento de San Francisco, hoxe se conserva no Museo das Mariñas e, polo tanto, as dúas obras dátanse na segunda metade do s. XIV. A tipoloxía deste San Gabriel é diferente á de todos os que vemos nas tres igrexas góticas de Betanzos, pero repítese moito na arte baixomedieval de Occidente: porta na súa man esquerda o báculo de mensaxeiro, a xeito de rama rematada na flor de lirio da pureza, mentres coa súa man dereita sinala ao alto, de onde trae a mensaxe divina. Hoxe

vémolo descontextualizado no coro da igrexa, no arranque norte do mesmo arco onde está San Xosé (fig. 120). É certo que é de menor tamaño que a Virxe, pero a favor de que formen conxunto está o estilo, posto que son figuras realizadas pola mesma man, especialmente claro no tratamento da cabeza e nas dobras da roupa. Este tema da Anunciación sobre as columnas dun claustro foi copiado no s. XVI na mesma cidade no do Hospital da Anunciata (convento de Agustinas Recoletas dende o s. XVII): o estilo e o tratamento son distintos, pero as figuras son tamén de diferente tamaño (aquí a Virxe é máis pequena, pero segue levando un libro e San Gabriel segue portando na súa man esquerda o báculo de mensaxeiro, rematado na flor de lirio da pureza (fig. 118). E na propia igrexa de San Francisco, nunha capela renacentista do s. XVI (fig. 119), vemos unha magnífica Anunciación en dous medallóns; pois ben, San Gabriel segue tendo na súa man esquerda o báculo co lirio. Foto: Erias.




Fig. 118.- A Anunciación sobre as columnas do claustro do Hospital da Anunciata de Betanzos, do s. XVI (convento de Agustinas Recoletas dende o s. XVII). Foto: FJ Martínez Santiso.



Fig. 119, a-b.- Extraordinaria Anunciación en dous medallóns da capela renacentista (s. XVI) do muro sur da nave da igrexa de San Francisco. Fotos: Erias.



Fig. 116. - Virxe da Anunciación sobre unha columna pareada do mosteiro de San Francisco. Foi realizada polo mesmo autor do tímpano da porta sur da igrexa de Santiago coa escena de Cristo saíndo do sepulcro (fig. 117), co que o devandito tímpano queda datado nas últimas décadas do s. XIV. É o mesmo autor do San Gabriel da fig. 115. Museo das Mariñas. Foto: Erias.



Fig. 117.- Tímpano da porta sur da igrexa de Santiago. A similitude desta Virxe (á dereita de Cristo) coa da Anunciación do Museo das Mariñas (fig. 116) permiten asegurar que o autor é o mesmo. Foto: Erias.






Fig. 121-123. - Arriba, esquerda, tímpano da porta norte da igrexa mosteiral de San Salvador de Cines (Oza dos Ríos) (foto: Erias). Centro, San Xosé do tímpano que se conserva na igrexa parroquial de San Miguel de Figueiroa (Abegondo) (foto: Diego Gil de Careaga), e dereita, San Xosé da porta occidental da igrexa betanceira de Santiago (foto: Erias).

Fig. 120. - San Xosé sedente, mesándose a barba coa súa man dereita, como xesto clásico de sabedoría, de meditación e mesmo de preocupación. Na súa man esquerda porta un báculo en tau. É unha peza que procede probablemente do antigo mosteiro de San Francisco e foi reutilizada no arranque dun dos tres arcos do coro alto que se construíu (segundo inscrición) en 1498 por mandato de Fr. Juan de Carlin, ministro da provincia franciscana de Santiago. Non sabemos se a forzada inclusión desta peza é dese tempo ou posterior.

Temos paralelos próximos no tímpano da porta norte da igrexa mosteiral de San Salvador de Cines (Oza dos Ríos) (fig. 121) e no tímpano que se conserva na igrexa parroquial de San Miguel de Figueiroa (Abegondo) (fig. 122). Algo máis afastado é o San Xosé da porta occidental da igrexa betanceira de Santiago (aquí sen mesarse a barba) (fig. 123). Todos eles, da segunda metade do s. XIV. Foto: Erias.

Fig. 124. - Esta figura semella un bispo franciscano, co seu báculo e o libro do evanxeo. Podería ser San Luis de Tolosa (tamén chamado Luis de Nápoles, Luis de Brignoles ou Luis de Anjou-Sicilia), que naceu en 1274 en Brignoles (Provenza) e morreu como bispo de Toulouse aos vinte e tres anos. A el dedicáronse numerosos conventos franciscanos. Debeu estar no mosteiro de San Francisco, como tantas outras pezas. Museo das Mariñas.  
Foto: Erias.






Fig. 125. - Peregrinos no sepulcro do bispo Don Martín Rodríguez, falecido en 1242 (catedral de León). Debuxo: Erias.



Fig. 126-127. - Santiago Peregrino encontrado xunto a unha pedra paralelepípedica que semella estar esculpida no s. XIV sobre un ara romana (fig. 127), utilizando vieiras, polo que puido ser xa a base orixinal do Santiago Peregrino (Erias, AB1992). Todas elas estaban cubertas por unha capa de area coma se fosen enterradas con algún tipo de ritual. Xunto a estas pezas apareceron restos dun arco aximezado (fig. 83), doelas de arcosolios (figs. 87-90 e 92), doelas de nervios de bóveda (reutilizadas na ancoraxe das claves de bóveda do Museo das Mariñas) (figs. 84-85) e unha ménsula con ornamentación vexetal (fig. 131). Museo das Mariñas. Fotos: Erias.



Figs. 128-129.- Ménsula coa imaxe dun resucitado no Paraíso. Museo das Mariñas. Fotos: Erias.



Fig. 130.- Resto de modillón esculpido cunha figura demoníaca. Museo das Mariñas. Foto: Erias.



Fig. 131.- Ménsula con ornamentación vexetal. Museo das Mariñas. Foto: Erias.

Fig. 132. - Cara dunha posible fonte, imitando unha ménsula, que procede, ao parecer, do ámbito de San Francisco. Museo das Mariñas. Foto: Erias.








Fig. 133. - Unha das cinco pedras con flores de catro pétalos (símbolos da cruz) reutilizadas no coro de San Francisco. Procedentes do antigo «moesteiro», vemos tamén estes ornamentos nunha pedra dun dos arcos, da mesma procedencia, reutilizados en Santa María do Azouge (fig. 96). Foto: Erias.



Fig. 134-141. - Restos de pedras sepulcrais da igrexa e/ou do claustro do convento de San Francisco: unhas, cos números que indicarian o propietario do sepulcro, e outras, cos buratos para sacalas. Atópanse na Rúa Nova, Rúa da Pescadería e Rúa de San Francisco. Probablemente hai máis nestas e noutras rúas.

Fig. 142. - A Rúa dos Cabildos atravesa o que foi o antigo «moesteiro» de San Francisco, deixando un talude de pedras de onde rescatamos varias (doelas de arcos) para o Museo das Mariñas. É posible que haxa outras pezas agochadas, como é seguro que as hai nas paredes do actual Conservatorio de Música, que está ó outro lado da rúa.





Fig. 143.- «Calexón e escaleiras dos Ollicos ou dos Lagares». Así se denomina popularmente esta calexa e escaleira do barrio da Ponte Vella de Betanzos. As escaleiras están feitas con doelas de arcos, procedentes do mosteiro de San Francisco.

Foto: Erias.

- CASTRO, O. F. M., Manuel de, 1971, *Crónica de la Provincia Franciscana de Santiago 1214-1614*. Madrid, Archivo Ibero Americano.
- COLÓN ALONSO, Marta, 2010, «Proyecto de Cárcel en el ex-convento de San Francisco de Betanzos». *Anuario Brigantino*.
- «Reconstrucción infográfica del convento de San Francisco de Betanzos (s. XIV-XVII)». *Anuario Brigantino* 2011.
- Transformaciones históricas en el convento de San Francisco de Betanzos. Siglos XIV al XX*, 2012, Tesis doctoral del Departamento de Representación e Teoría Arquitectónicas. Universidade da Coruña.
- COUCEIRO FREIJOMIL, 1981, Antonio, *Historia de Puentedeume*. 3ª ed. Puentedeume.
- ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, "O fenómeno dos ensanches na cidade de Betanzos". *El Ideal Gallego*, 11/12-XI-1982
- «Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, muller de Andrade, e Nuño Freire,

## BIBLIOGRAFÍA

- Mestre de Christus». *Anuario Brigantino* 1991.
- "Fidalgos das Mariñas: os Leis de Lema e Mondoí". *Anuario Brigantino* 1996.
- «Sorpresa no Pasatempo de Betanzos: Aparece unha lauda sepulcral do s. XV». *Anuario Brigantino* 1996.
- ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo e VÁZQUEZ GÓMEZ, Xoán L. «As laudas sepulcrais de San Francisco da Coruña (II)». *Anuario Brigantino* 1998.
- FUENTES ABELEDO, E.J. e GONZÁLEZ SANMAMED, M., 1989, *Didáctica do entorno: A igrexa conventual de San Francisco*. Concello de Betanzos.
- HOYO, Jerónimo del, *Memorias del arzobispado de Santiago*, 1949, Edición preparada por Angel RODRÍGUEZ GONZÁLEZ y Benito VARELA JÁCOME. Transcripción del manuscrito original del año 1607, que se guarda en el Archivo de la Mitra Compostelana. Santiago de Compostela, Porto y Cía. Editores.
- LEZA TELLO, Prudencio, «Apuntes para la Historia del Convento y Comunidad de San Francisco de Betanzos». *Anuario Brigantino* 2010.
- GARCÍA ORO, José y PORTELA SILVA, Mª José, «San Francisco de Betanzos ante la Reforma (1567)». *Anuario Brigantino* 1994.
- MADOZ, Pascual, *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid : [s.n.], 1846-1850 (Establecimiento tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti).
- MARTÍNEZ, Gonzalo, 1993, *Los Templarios en la Corona de Castilla*. Burgos.
- MARTÍNEZ SANTISO, Manuel, 1892, *Historia de la ciudad de Betanzos*. Edición facsímil de la Diputación Provincial de La Coruña, dirigida por Alfredo Erias Martínez, a quien se debe también la introducción, 1987.
- MOLINA TABOADA, Carmen, «Proyecto de una cárcel para la ciudad de Betanzos, 1865». Programa de *Festas Patronais Betanzos* 86, San Roque 1986. Concello de Betanzos.
- GARCIA ORO, José y PORTELA SILVA, Mª José, «San Francisco de Betanzos ante la Reforma (1567)». *Anuario Brigantino* 1994.
- PEREIRA MARTÍNEZ, Xoán Carlos, «A encomenda de Betanzos da Orde do Temple». *Anuario Brigantino* 1995.
- VAAMONDE LORES, 1909, César, *Ferrol y Puentedeume*. A Coruña.
- VERÍN Y SEIJAS, Manuel Antonio, *Historia de la fundación de la Ciudad de Betanzos...*, 1812. Manuscrito inédito en AMB (Archivo Municipal de Betanzos).